

NA VÍA LÁCTEA

[Emir Kusturica, 2016]

260

ESTREA EN NUMAX: 14.07.2017 | V.O.S.E.

On the Milky Road (2016, 125')

Dirección: Emir Kusturica

Guión: Dunja Kusturica, Emir Kusturica

Elenco: Monica Bellucci, Emir Kusturica, Sergej Trifunovic, Miki Manojlovic, Bajram Severdzan, Maria Darkina

Son: Slobodan Mihajlovic

Montaxe: Svetolik Zajc

Vestuario: Nebojsa Lipanovic

Dirección de arte: Nevena Mijuskovic

Fotografía: Martin Sec

Música: Stribor Kusturica

Produtoras: Lucas Akoskin (Serbia), BN Films (Estados Unidos), Pinball London (Reino Unido)

Distribuidora: Surtsey Films

Formato de proxección: DCP2K, 2.35:1

Idioma orixinal: Serbio

PREMIOS E FESTIVAIS

Venecia 2016 (Sección Oficial)

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Prométeme, 2007

La vida es un milagro, 2004

Gato negro, gato blanco, 1998

Underground, 1995

El sueño de Arizona, 1992

El tiempo de los gitanos, 1989

Papá está en viaje de negocios, 1985

SINOPSE

Primavera en tempos de guerra. Cada día, un leiteiro atravesaba o fronte en burro, esquivando as balas para levar a súa prezada mercadoría aos soldados. Bendecido pola sorte na súa misión, amado por unha fermosa aldeá, un futuro apracíbel parece agardalo... até que a chegada dunha misteriosa muller italiana dá un xiro á súa vida. Así comeza unha historia de amor prohibido e apaixonado que mergullará a ambos nunha serie de aventuras fantásticas e perigosas.

«Un Kusturica coa lixeireza do festivo, do sinxelo, do tenro»

Luis Martínez, EL MUNDO



“Desde os 90 todas as guerras van do mesmo: o capital e o beneficio”

Entrevista a Emir Kusturica

Por Nando Salvà

O método de creación de *Na vía láctea* foi pouco ortodoxo. Primeiro rodou unha curta e desenvolveu o resto do filme a partir dela. Que desafíos entrañou ese proceso? A curta, que é a secuencia final de *Na vía láctea*, mostra un home que transporta pedras a través dunha montaña. Desenvolver un filme enteiro a partir desa imaxe foi a maior dificultade creativa de toda a miña carreira. Non sabía como comezar un filme polo final. Mais os árabes escriben de dereita a esquerda, non? Foi un proceso moi difícil pero marabilloso.

No filme a guerra está presente mais sempre en segundo plano. Non se nos dá a posibilidade de entendela. Por que? Cre vostede que hai forma algunha de entender a guerra, calquera guerra? Eu non. A miña idea era ouvir as explosións e os disparos como pano de fondo de algo máis profundo: as relacións e o sufrimento humanos. Ademais, todo está moi claro. Desde os 90 todas as guerras van do mesmo. Primeiro foi Irak e logo Serbia, e desde entón as guerras non cesaron; e todas se basean no capital e o beneficio.

Por que pasou tanto tempo desde a súa anterior longametraxe de ficción? Cando chegas á miña idade é moi difícil que accedan a producirche os filmes. Non

importa o bo que sexas, os investidores asumen que te fixeches vello e que non es o mesmo. Iso é o que lle pasou a Fellini. Os meus filmes sempre nacen da paixón, e ao facerte vello a paixón non se esvaece.

E que descubriches ao respecto? Non creo que vaia ser capaz de facer outro filme coma este, as facultades físicas comezan a fallarme. E non gozo facendo cinema, o único que me satisfai é comprobar que a xente responde positivamente ante os meus filmes. Non sei se en 10 anos seguirei neste negocio, sinceramente. Ademais o cinema mudou moito. Hai 25 anos servía para cambiar o mundo e hoxe só é útil para vender flocos de millo.

Publicado en <http://www.elperiodico.com/>

“O sistema de rodaxe de Kusturica é moi felliniano”

Entrevista a Monica Bellucci

Por Daniel Arjona

Creo que traballou catro anos neste filme con Kusturica. Gustárame que me contara que foi o que a decidiu a facela e que é o mellor e o peor de traballar con el. A primeira vez que vin *El tiempo de los gitanos* (1989), de Kusturica, pensei que era unha obra mestra, un dos mellores filmes xamais feitos. Así que cando recibín a súa chamada sentínme conmovida. Traballei catro anos na súa terra, esa terra chea tanto de beleza como de tristura, e é

precisamente iso o que recolle o filme, a guerra e a poesía. Traballar con Kusturica é un reto. É un director moi esixente, tanto cos seus actores como consigo propio. E logo o seu proceso de creación cambia da mañá á noite no mesmo día de rodaxe... é un sistema moi felliniano. De feito, diría que se inspira no cinema italiano e que por iso elixiu esta vez unha actriz italiana coma min.

Historicamente no cinema os papeis maduros protagonistas foron encarnados por homes. Ser actriz aos 50 é algo só accesíbel hoxe a estrelas coma vostede? Ou cre que é algo que está a mudar? Eu creo que está a cambiar. Cando eu tiña xa 46 anos rodei *Un verano ardiente* (2011) co director francés Philippe Garrel, no que contaba a historia de amor dunha muller madura cun mozo de 26 anos. Ou en *Spectre* (Sam Mendes, 2016), onde creo que son o primeiro amor de James Bond maior có propio Bond. Ou agora con Kusturica. E creo que non é só o meu caso. Hai unha nova maneira de ver á muller nesta xeración, os exemplos de feminidade xa non teñen por que ser tan novos.

E como se conseguiu isto? Houbo un cambio de mentalidade, un produto da presión social ou a sinxela evolución dos tempos? A humanidade mudou e as nosas vidas son cada vez máis longas. A comezos de século a esperanza de vida era de 45 anos e hoxe un neno que nace pode perfectamente agardar vivir 100 anos. Somos máis novas que antes á mesma idade. Hoxe unha muller de 60 parece que ten 40.

Publicado en <http://www.elconfidencial.com/>
Traducións: Xan Gómez Viñas

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Ven todos os días ao cinema por 4,5 €

ABÓNATE

E consegue máis vantaxes.
Infórmate en www.numax.org

NUMAX